

PRESENTACIÓN DE FACTURAS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Dende o día 2 de xaneiro de 2018 a presentación de facturas na Deputación de A Coruña ten que axustarse ao disposto na [resolución aprobada](#) ao efecto que se pode consultar no apartado "Economía e Facenda" da páxina web principal da [Deputación provincial da Coruña](#) na que se dispón que:

Todos os provedores que entreguen bens ou presten servizos á Deputación (sociedades anónimas, sociedades de responsabilidade limitada, unións temporais de empresas, etc.), deberán expedir e remitir factura electrónica en formato "*Facturae*", calquera que sexa o seu importe, coa única excepción daqueles que non estean obrigados a facelo en virtude do disposto no art. 4 da [Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da Factura Electrónica e Creación do Rexistro Contable de Facturas no Sector Público](#).

A presentación das facturas en formato *Facturae* farase a través da plataforma electrónica "[FACE: Punto Xeral de Entrada de Facturas electrónicas](#)", que é o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Deputación Provincial da Coruña para dito formato.

Os provedores que non teñan a obriga de presentar as facturas en formato *Facturae* (outras persoas xurídicas, entidades sen personalidade xurídica, aquelas persoas físicas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria incluídos os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís, etc.) estarán obrigados a presentalas a través de medios electrónicos sempre que encaixen nalguna das tipoloxías de suxeitos obrigados a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas que se regulan no art. 14.2 da [Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas](#). No obstante si o desexan, aunque non se atopen obrigados a iso, tamén poderán presentalas co formato *Facturae* a través da plataforma electrónica *FACE*.

A presentación das facturas a través de medios electrónicos (cando non se trate de facturas co formato *Facturae*) farase a través da [Sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña](#).

Por último, os provedores que non teñan a obriga de relacionarse coas Administracións Públicas por medios electrónicos (persoas físicas que realicen actividades profesionais para cuxo exercicio non sexa esixible a colexiación obrigatoria, etc.) poderán presentar as facturas en papel no Rexistro Xeral da Deputación de A Coruña. Tamén si o desexan, aunque non se encontren obrigados a iso, poderán presentalas en formato *Facturae* a través de *FACE* ou por medios electrónicos no Rexistro telemático da Deputación.

Todas as facturas remitidas a Deputación, sexan en formato *Facturae*, ou noutro tipo de formato, deberán conter os datos e requisitos contidos nas normas que sexan de aplicación e ademais, deberán expresar os códigos que se indican a continuación:

<u>Datos do destinatario:</u> Deputación Provincial da Coruña NIF: P1500000C Código DIR3: L02000015	<u>Órgano decisorio/xestor:</u> Presidente da Deputación Código DIR3: LA0000671
<u>Unidade tramitadora:</u> A que proceda de acordo con datos que se indican máis adelante	<u>Unidade contable:</u> Servizo de Contabilidade Código DIR3: LA0000680

PRESENTACIÓN DE FACTURAS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

UNIDADE TRAMITADORA	CÓDIGO DIR3
INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA	LA0000673
SECRETARÍA XERAL: - Servizo de Patrimonio e Contratación - Normalización Lingüística - Europe- Direct	LA0000674
TESOURERÍA E XESTIÓN DE TRIBUTOS: - Servizo de Xestión Tributaria - Servizo de Recadación	LA0000675
ÁREA DE ACCIÓN TERRITORIAL	LA0000676 ⁽¹⁾
ÁREA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE	LA0000677 ⁽¹⁾
ÁREA DE SERVIZOS PROVINCIAIS	LA0000678 ⁽¹⁾
ÁREA DE PERSOAL E ORGANIZACIÓN	LA0000679 ⁽¹⁾
GABINETE DE PRESIDENCIA: - Relacións Públicas - Gabinete de Comunicación	LA0005099
SERVIZO DE XESTIÓN DE PLANS	LA0010670
SERVIZO DE VÍAS E OBRAS	LA0010671
SERVIZO DE ARQUITECTURA E MANTEMENTO	LA0010672
SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS	LA0010673
SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO	LA0010674
SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E MEDIO AMBIENTE	LA0010675
SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES	LA0010676
SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS	LA0010677
SERVIZO DE ORGANIZACIÓN: - Prevención de Riscos Laborais - Sección de Formación	LA0010678
SERVIZO DE INFORMÁTICA E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA	LA0010679
SERVIZO DE SISTEMAS E SOPORTE	LA0010680

⁽¹⁾ As unidades tramitadoras LA0000676, LA0000677, LA0000678 e LA0000679, considéranse en extinción, de tal forma que só se utilizarán para os contratos asinados con anterioridade a 2018.

IMPORTANTE: A persoa física ou xurídica que emita factura deberá estar identificada no Rexistro de Terceiros da Deputación para o que, si non se ten feito anteriormente, deberá se achegar a documentación necesaria para proceder á súa incorporación neste: NIF e certificación da entidade financeira na que se recolla o código IBAN da conta bancaria na que se deben facer efectivos os pagos da Deputación ([ver modelo oficial dispoñible](#)).